

Pregunta do señor Rego González, portavoz do G. P. dos Socialista de Galicia, sobre a valoración do señor presidente da Xunta de Galicia das directrices de ordenación do territorio presentadas polo Goberno galego.

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor Rego González.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas gracias, señora presidenta.

Señorías, señor presidente da Xunta de Galicia, a ordenación do territorio e todo o que ten que ver coas políticas territoriais no noso país é unha gran asignatura pendente que os socialistas viñemos sempre reivindicando ao longo da historia da nosa autonomía. Entendiamos que a gran asignatura que tiña este país era a ordenación do territorio que permitise protexer o ben máis precisado que temos como galegos e que ademais nos permitise tamén que servira de guía para a política de investimentos e para a definición dos conxunto das infraestruturas do noso país.

Isto serviría para rematar coas políticas de ocorrencia e discrecionalidade na distribución dos investimentos ao longo e ancho do noso territorio. Desgraciadamente, non foi posible. En tantos anos da historia da nosa autonomía non foi posible non foi posible que contaramos cun modelo de ordenación territorial para o conxunto do país. Dende a súa chegada á presidencia da Xunta de Galicia este foi un dos obxectivos que se marcou como presidente do Goberno dende o debate de investidura e non esperou para que fora posible ter unhas directrices de ordenación do territorio que non se fan loxicamente en dous días como todo o mundo pode entender para emprender medidas, e impulsar medidas como máximo responsable do Goberno encamiñadas a protección, encamiñadas a recuperación do noso territorio, medidas que teñen, tiñan como frontispicio principal, pois que todas as actuacións que se fixeran no territorio se fixeran con criterios de sustentabilidade e que nada se fixera baseado en criterios de discrecionalidade ou ocorrencia na política de

investimentos. Aí puidemos apreciar o plan de reequilibrio territorial, o plan director de estradas de Galicia, ou os plans mesmos de accesibilidade as propias cidades ou medidas como as que vostede acaba de falar en materias de protección medioambiental do noso país.

Pero sen dúbida a gran asignatura pendente eran as directrices de ordenación do territorio, aquilo que nos tratara dun modelo de ordenación territorial, que sen dúbida debía de partir do feito porque ningún territorio pode ordenarse nin se pode actuar sobre del si se quere buscar a mínima autoridade sen facendo partindo da súa realidade, e hoxe é a que temos, e hoxe señor presidente lle preguntamos que valoración fai vostede como presidente das directrices de ordenación do territorio que acaba de facer públicas o Goberno de Galicia.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rego. Señor presidente da Xunta, ten vostede a palabra.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Grazas, señora presidenta.

Señoría, como ben acaba de dicir, as directrices de ordenación do territorio eran unha asignatura pendente no noso país, non era unha asignatura calquera, era unha asignatura eu diría troncal, e decisiva para Galicia, un país que viña dun período previo, dun longo período con graves eivas, limitacións e problemas no seu modelo territorial, dende o punto de vista dun crecemento desordenado e disperso, e desde un punto de vista da creación de espazos suburbanos degradados e desde o punto de vista de cargas importantes, de conxestión en determinados

ámbitos do territorio dende o punto de vista en definitiva, dun elevado grado de dispersión e desorde territorial.

Estabamos acostumbrados no país a que a folla de ruta neste terreo vital e estratéxico para a comunidade autónoma fora exactamente a discrecionalidade, a proliferación de normas contraditorias e a carencia dun modelo territorial do país, a lei do ano 1995 que obrigaba a presentación das directrices de ordenación do territorio e a súa aprobación estaba incumplida por iso considero do máis alto valor o traballo que vimos de realizar dende o Goberno, dende o goberno que presido para ... do territorio trazar unha estratexia, unha estratexia que ten un punto modal, ten un punto determinante xustamente nas directrices que se configuran cun instrumento de carácter global o marco integral xeral de referencia para política territorial da nosa comunidade, trátase de expresar e manifestar e concretar en determinacións concretas a vontade política de converter a ordenación do territorio nunha liña estratéxica de acción do Goberno. Nos puxemos dende o primeiro momento a traballar nesa dirección, se tratou nun primeiro lugar, de poñer un dique de contención as máis graves problemas que tiñamos diante, que entendíamos que era a invasión previsible, do noso litoral, do noso espazo máis privilexiado, nunha política expansiva en plena burbulla en plena expansión e hipertrofia do sector inmobiliario, era a lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio. Puxemos a partir de aí en marcha unha lei tamén de vivenda que promove unha utilización razoable e intensa do que debe ser unha aposta en valor dun dos grandes temas de preocupación ou loxicamente da sociedade de demanda cidadá, con ese 40% de solo a disposición da vivenda protexida. E puxemos en marcha unha política común de no terreo urbanístico a axencia de protección da legalidade urbanística, as formas de axuda o planeamento dos concellos e a partir de aí culminamos coas directrices de ordenación do territorio que deben ser a clave de bóveda de todo este conxunto de iniciativas. Hoxe están publicadas, aprobadas inicialmente, están sometidas a información pública por un período de dous meses que finalizado o cal deberán volver ao consello da Xunta para a súa aprobación

definitiva o trámite final de información e traslado o Parlamento de Galicia.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rego, ten vostede a palabra.

O señor REGO GONZÁLEZ: Si, señora presidenta. Moitas grazas.

En primeiro lugar, señor presidente, como vostede ben sabe para os socialistas, dúas das principais medidas das que impulsou o Goberno coas que nos sentimos máis satisfeitos son a protección e ampliación de dereitos dos cidadáns e a recuperación protección e ordenación do noso territorio, en esta dirección e queremos animar o seu goberno para que continúe coa tramitación das directrices que en torno a elas se busque a máxima complicidade social, porque se fará máis fácil a súa aplicación, entendemos que foron perfectamente comprendidas pola inmensa maioría das institucións do país, ou serán tamén pola inmensa maioría dos cidadáns porque así daremos resposta a unha gran necesidade que tiñamos como país, sen dúbida isto baixo o noso punto de vista pecha unha cuestión importante que tiñamos unha asignatura importante que tiñamos os galegos, unha débeda que tiñamos o noso territorio e por tanto co conxunto dos cidadáns do noso país. Alégranos tamén saber, señor presidente que tamén neste vostede e o seu goberno cumpriron co compromiso que tiñan contraído cos cidadáns.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rego, ten a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Grazas, señoría.

Quixera reiterar que estamos a vivir, xustamente neste momento polo tanto o período de exposición pública, previsto por un tempo de dous meses, dentro do cal as distintas administracións e entidades públicas e privadas poderán expoñer como debe ser cantas observacións e suxestións estimen

convenientes. Finalizado ese prazo logo do informe da Consellería de Economía e Facenda se procederá a outorgar o que é a aprobación provisional, o Consello da Xunta fará a aprobación definitiva e daremos traslado o Parlamento de Galicia, polo tanto nos vindeiros meses, daremos por concluído espero esta cuestión crucial para o noso país. Hai unha memoria e hai unhas directrices que establecen 197 determinacións e que son as que concretan establecen os principios que articulan as estratexias propias das directrices de ordenación do territorio. Os vértices serían os seguintes, en primeiro lugar, se trata de harmonizar o desenvolvemento das cidades, e previr as urbanización difusa, potenciando os núcleos xa existentes, favorecendo o desenvolvemento compacto a partir dos mesmos e freando os procesos de urbanización difusa que agravan os impactos ambientais.

Trátase de fortalecer os núcleos tradicionais, fortalecer o litoral e por en valor o territorio. Recuperando e rehabilitando espazos degradados ou abandonados para diminuír a presión sobre as zonas máis urbanizadas. Trátase en terceiro lugar de mellorar a accesibilidade e a mobilidade do territorio completando unha rede xerarquizada e ordenada de infraestruturas para ter unha auténtica vertebración territorial en mellorar os sistemas de transporte colectivo e a súa intermodalidade. Trátase de protexer o patrimonio natural e cultural aproveitando as facilidades e as vantaxes que ofrece o territorio para desenvolver enerxías renovables ou impulsos de deseños bioclimáticos, a xestión integral do ciclo de auga a recuperación da biodiversidade e o uso sostible dos recursos, e trátase en último lugar diría en quinto lugar de afianzar o protagonismo exterior de Galicia, tanto en relación con Europa da incorporación das grandes redes de transporte e telecomunicacións como no aproveitamento das relacións que mantemos co norte de Portugal de maneira moi especial fortalecendo a eurorexión Galicia norte de Portugal. O sistema pivota e conclúo, sobre a definición dun modelo de sistema policéntrico, urbano en varios niveis, o sistema de cidades como elemento central, os espazos metropolitanos de Vigo e Pontevedra e Coruña, Ferrol como ámbitos de planificación

Grupo Parlamentario

territorial e urbana, de equipamentos e servizos os cidadáns o sistema urbano intermedio tras as grandes cidades como núcleos fundamentais para unha adecuada cobertura de servizos, niveles e de calidade de vida, e actividades produtivas e os nodos de equilibrio territorial que deben asegurar o reequilibrio do territorio nunha Galicia máis harmónica en termos económicos e e de equilibrio territorial.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor presidente.